



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 25 DE NOVEMBRO DO ANO 2016

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 35 minutos do día 25 de novembro do ano 2016, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑÓN

Asiste como secretario, o secretario acctal. da Corporación, Juan Carlos Antelo Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

O sr. alcalde procede a dar lectura á **“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DA LARACHA RELATIVA AO 25 DE NOVEMBRO DE 2016 –DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”** que os portavoces dos catro grupos políticos municipais acordaron, co seguinte tenor literal:

“Hoxe, 25 de novembro, é o Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres. A súa conmemoración ten por finalidade sensibilizar á sociedade da gravidade deste problema e facernos reflexionar sobre o mesmo. Nesta día, no Concello da Laracha queremos recordar ás mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou exparellas e condenar cada unha desas mortes, manifestando a nosa máis enérxica repulsa a eses feitos e a tolerancia cero cos maltratadores.

Ante a violencia de xénero non podemos nin debemos permanecer impasibles. O noso compromiso contra esta lacra social é firme e permanente, porque erradicala é un reto de obrigado cumprimento no que todos e todas debemos ser partícipes.

Por iso, a Corporación municipal da Laracha apoia o conxunto de cuestións recollidas por consenso xeral das forzas políticas nas leis integrais contra a violencia de xénero, tanto a estatal como a autonómica, que supuxeron importantes avances na prevención, atención, protección e nos recursos públicos dispoñibles para as vítimas. Neste sentido, o Concello da Laracha tamén está integrado na Rede de Entidades Locais





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Contra a Violencia de Xénero impulsada pola Xunta de Galicia e no programa Concellos Polo Bo Trato promovido pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

Ao mesmo tempo, reclamamos a todas as institucións que se sigan dando os pasos necesarios para implantar novas medidas dirixidas a mellorar a lexislación e a acabar con este tipo de violencia. Non existen barreiras ideolóxicas nin políticas que poñan freo á loita contra este grave problema social, polo que soamente asumindo unha responsabilidade compartida poderemos loitar para alcanzar este obxectivo común.

Tamén nos comprometemos a manter o noso pleno compromiso municipal, cunha dotación de infraestruturas, medios económicos e humanos suficiente para continuar desenvolvendo políticas de igualdade e ofrecendo atención, apoio e tratamento integral e de proximidade ás vítimas. Un esforzo que entre todos e todas facemos desde hai anos e que levou ao Concello da Laracha a ser galardoado no pasado mes de xaneiro polo Ministerio de Sanidad e a Federación Española de Municipios y Provincias na cuarta edición dos Premios ás boas prácticas nas entidades locais.

Unha cidadanía decente debe esixir avanzar cara unha sociedade segura e libre de violencia de xénero que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que a sofren, así como aos seus fillos e fillas. Por iso temos a obriga e o compromiso de educar en igualdade desde a prevención, o respecto e a tolerancia, rexeitando enerxicamente calquera signo de violencia, especialmente a que se exerce contra as mulleres. Cremos firmemente que esas son as principais vías que contribúen á deslaxitimización de condutas que perseguen o sometemento das mulleres, e é por iso que precisamos da implicación do conxunto da poboación, por ser un problema que nos incumbe a todos e a todas. Pedimos á cidadanía larachesa que cada un asuma o seu propio compromiso persoal de loitar contra a violencia de xénero rexeitándoa, denunciando as agresións, apoiando ás vítimas, non permanecendo en silencio, transmitindo ás xeracións futuras o respecto entre homes e mulleres e defendendo unha sociedade xusta e igualitaria

Hoxe os grupos políticos que formamos parte da Corporación municipal firmamos este manifesto en representación da veciñanza para dicir ás vítimas que non estades soas, que o Concello da Laracha está con vós e comprometido coa eliminación da violencia de xénero.”





De seguido o sr. alcalde anuncia que procederán a gardar un minuto de silencio, segundo ven sendo costume, en repulsa a toda violencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero, indicando que no que vai de ano 2016 son 40 as vítimas e 8 en investigación.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión ordinaria do 30 de setembro de 2016.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando ***aprobada por unanimidade dos membros presentes.***

2.- ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DUN BEN DE TITULARIDADE MUNICIPAL.-

Antonio Fuentes Fraga con DNI nº 76307535K e María Olga Rodríguez Vázquez son propietarios da parcela catastral 15042B501000610000AA (inscrita no Rexistro da Propiedade de Carballo nº de finca 13174, Tomo 840, Libro 107, Folio 140) baixa a denominación de “Braña Cerrada”, no lugar das Talladas, parroquia de Golmar, cunha superficie de 2171 m², parcela que linda ao Leste con masa común, finca de remprazo da concentración parcelaria co nº 62, e teñen manifestado o seu interese en adquirila a este Concello ao estar en carente de explotación e destino por parte deste Concello.

Por providencia de Alcaldía de 20 de outubro de 2016 solicítase informe do secretario da Corporación en relación coa posibilidade de enaxenar un ben inmovible a un propietario colindante ou outros que puideran resultar interesados, toda vez que o inmovible está en desuso e non chega a constituir unha superficie economicamente explotable posto que ten 450 m², e pola súa configuración física é imposible a súa explotación económica independente.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O secretario emite informe o 26 de outubro de 2016 no que pon de manifesto que a enaxenación proxectada a colindante é posible previa alteración da cualificación xurídica do ben que pasaría de ben comunal a ben patrimonial coa consideración de parcela sobrante, xustificando a oportunidade e legalidade da medida na necesidade de que adquira a condición de ben patrimonial para poder proceder á súa enaxenación, en tanto que cando menos o colindante amosou o seu interese no mesmo, polo que o Concello deixaría de asumir a carga de manter unha porción de terreo de 450 metros cadrados á beira dun camiño, sendo posible, segundo o art. 137.4 e) e f) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) acordar a enaxenación directamente a un propietario colindante ao tratarse dun terreo rústico que non chega a constituír unha superficie economicamente explotable posto que ten 450 m², e pola súa configuración física é imposible a súa explotación económica independente e, mesmo o procedemento imposto polo artigo 115 do Regulamento de Bienes de las Entidades Locales (RBEL), aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio: *“1. Las parcelas sobrantes a que alude el artículo séptimo serán enajenadas por venta directa al propietario o propietarios colindantes o permutadas con terrenos de los mismos. 2. Si fueran varios los propietarios colindantes, la venta o permuta se hará de forma que las parcelas resultantes se ajusten al más racional criterio de ordenación del suelo, según dictamen técnico.*

Aceptados os motivos en que se fundamenta a providencia da Alcaldía e a través dos documentos que constan no expediente quedan acreditadas a legalidade e oportunidade da alteración da cualificación xurídica proposta, á vista do informe emitido polo secretario da Corporación e, visto que se seguiu o procedemento sinalado no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais e no art. 269 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, sendo competencia do Pleno da Corporación aprobar o expediente, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta **por maioría absoluta dos membros, coas abstencións dos concelleiros do BNG e Grupo mixto**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a alteración da cualificación xurídica do seguinte ben inmovible que cambiará a súa cualificación de ben comunal a ben de carácter patrimonial coa consideración de parcela sobrante:

Parcela 62, Polígono 501 (referencia catastral 15042B501000620000AB)





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

SEGUNDO.- Anunciar o acordo de aprobación provisional no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de un mes, para que durante este período podan presentarse as alegacións que se estimen pertinentes. Se non se presentaran alegacións en prazo, o presente acordo será considerado como definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

TERCEIRO. Unha vez que o presente acordo sexa definitivo, reflectir, na rectificación do Libro Inventario de Bens da Corporación, a alteración da cualificación xurídica que sufriron os bens.

3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 5 DO PXOM DA LARACHA PARA A ORDENACIÓN ESPECIAL DUNHA PARCELA DOTACIONAL.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno na sesión celebrada o día 22 de novembro de 2016, onde se deu conta do expediente formado ao efecto e dos informes da arquitecta técnica municipal e do secretario de 18 de novembro de 2016 en relación co presente asunto, relativo á aprobación inicial da modificación puntual nº5 do PXOM da Laracha, que ten por obxecto a ordenación especial dunha parcela dotacional, alterando de xeito puntual a ordenación pormenorizada do conxunto de dúas parcelas cualificadas de sistema xeral de equipamento co obxectivo de acomodar a futura ampliación do Centro de Saúde.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, **por unanimidade dos membros presentes**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación puntual número cinco do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha para a ordenación especial dunha parcela dotacional, contida no proxecto redactado por Monteoliva Arquitectura, S.L., coa Resolución da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de 3 de novembro de 2016 pola que se resolve que non é necesario someter a Modificación Puntual número cinco, ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica ordinaria, en cumprimento do trámite disposto no artigo 60.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública polo prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión da provincia, de





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

conformidade co disposto no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Solicitar, durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, os informes sectoriais que resulten preceptivos á Administración do Estado.

CUARTO.- De conformidade co disposto no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, darlle traslado do proxecto redactado por Monteoliva Arquitectura, S.L., coa Resolución da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de 3 de novembro de 2016, ao órgano competente en materia de urbanismo (Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), que dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos co carácter favorable.

QUINTO.- Suspende o procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado, por un prazo máximo de 2 anos, extinguíndose en todo caso coa aprobación definitiva da modificación, conforme ó artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, e expoñer e publicar o resumo executivo da súa delimitación, segundo o disposto no artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE 25/09/2016 A 22/11/2016.-

O secretario da Corporación procede a dar conta ao Pleno da Corporación de que desde a convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do mes de setembro ata o pasado 22 de novembro de 2016 (día da convocatoria da presente sesión plenaria), pola alcaldía ditáronse as Resolucións nº 736/2016 a nº 990/2016, das que se remitiu relación detallada aos concelleiros aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno, quedando o Pleno da Corporación enterado das mesmas.

5.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.-

O sr. alcalde nesta parte da sesión ordinaria dedicada ao control dos órganos de goberno, pregunta si algún grupo desexa tratar algunha **MOCIÓN** polo procedemento de urxencia, tomando a palabra o grupo político municipal do BNG, que presenta as seguintes MOCIÓNS:





1ª.- Nº REXISTRO 7703/2016.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, en relación as mesas electorais de Soutullo e Toras, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- O Concello da Laracha solicitará á Oficina do Censo Electoral do INE a unificación da parroquia de Torás nunha única sección, sendo logo dividida ésta nas mesas que sexan necesarias distribuídas dun xeito proporcional por apelidos.

2º.- No caso das mesas de Golmar e Soutullo non serán inscritas no censo de Soutullo as persoas da parroquia de Golmar, salvo aquelas que residen en lugares moi próximos á mesa de Soutullo, e de ser necesario completar o censo, buscaranse alternativas como por exemplo incorporar persoas de lugares moi próximos a Soutullo doutras parroquias (como sería o caso dalgúns lugares da zona alta da parroquia de Soandres).

Sometida a votación a urxencia da moción, é aprobada por unanimidade, tomando a palabra o sr. alcalde quen manifesta que lle parece ben a iniciativa da parroquia de Torás, e en relación á mesa de Soutullo manifesta que é necesario que se mova xente da parroquia de Golmar para que a mesa de Soutullo non baixe do umbral mínimo e siga existindo, e propón a creación dunha mesa de traballo na que estean representados todos os grupos municipais e estudar o mais viable para acadar unha posición común. A proposta é aceptada por unanimidade.

2ª.- Nº REXISTRO 7702/2016.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, en relación aos traballadores/-as Extel, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

-Reclamar a Movistar que garanta en todos os casos os postos de traballo na Coruña e por tanto a atención en galego.

-Instar á Xunta de Galicia a que reclame a Movistar o mantemento dos postos de traballo e a atención en galego dos seus servizos.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Toma a palabra o sr. alcalde quen manifesta o apoio ás traballadoras/es de Extel e que lle preocupa, tanto en este como noutros casos, a perda de emprego dos cidadáns. Non obstante sinala que, polo que lle consta, a gran maioría dos traballadores da citada empresa se acolleron e aceptaron ás propostas indemnizatorias ofrecidas pola empresa.

Sometida a votación a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: **doce (12) votos en contra dos concelleiros do grupo político municipal do PP, cinco (5) a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG e dos Socialistas de Galicia-PSOE, e Mixto** quedando, en consecuencia, **desestimada a mesma.**

3ª.- Nº REXISTRO 7102/2016.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, en relación á LOMCE e as súas reválidas, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

-Instar á Xunta de Galicia á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.

-Instar á Xunta de Galicia a que solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.

-Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomenta a lingua propia do noso país.

Toma a palabra o sr. alcalde para manifestar que se está a traballar a nivel nacional nunha modificación da LOMCE e das reválidas que incorpora, desexando que se acade o maior consenso posible a nivel político neste tema.

Sometida a votación a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: **doce (12) votos en contra dos concelleiros do grupo político municipal do PP, catro (4) a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG e dos Socialistas de Galicia-PSOE, e unha (1) abstención do concelleiro do grupo**





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Mixto quedando, en consecuencia, **desestimada a mesma.**

A continuación o grupo político municipal do BNG, formula a seguinte **PREGUNTA:**

1ª.- Nº REXISTRO 7906/2016.-

Carolina Castiñeiras Brandón, concelleira do grupo político municipal do BNG, formula a seguinte pregunta:

Cando se ten pensado arranxar a iluminación das farolas que levan un ano apagadas ao longo da estrada comarcal AC-552 á altura de toda a parroquia de Lestón e especialmente no núcleo urbano de Paiosaco?

O sr. alcalde responde que nestas datas se están a facer probas con luces tipo Led en Paiosaco para cambiar toda a travesía aos dous lados da mesma e mellorar a eficiencia enerxética.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as 14 horas e 15 minutos, da que como secretario estendo a presente acta e dou fe da mesma, asinándoa dixitalmente xunto ao sr. alcalde.

